

DE HOME  
A HOME,  
FALA DO VIH  
O SILENCIO NON PODE SER UN SÍNTOMA MÁIS



CON: JESÚS VÁZQUEZ  
BORIS IZAGUIRRE  
INIGO LAMARCA

SÍGUENOS EN:



Todos os homes que temos sexo con homes convivimos co VIH.

APROXIMADAMENTE  
**1 DE CADA 10**  
TEMOS O VIH

1 de cada 3 infectados por VIH non está diagnosticado.

## FALEMOS SOBRE O VIH

Porque a infección polo VIH non ten curación ni vacina.

Porque aínda que tomar a medicación rigorosamente e toda a vida mellora a calidade e expectativa de vida, a infección sempre ten consecuencias graves para a saúde.

Porque en España xa somos máis os homes que nos infectamos por prácticas homosexuais que os que se infectan por prácticas heterosexuais.

## FALEMOS SOBRE A PROBA

Se tiveches prácticas de risco non esperes, fai a proba. Acude ao teu centro de saúde, a un centro de infeccións de transmisión sexual ou a unha das ONG que realizan a proba. Non empregues a doazón de sangue para realizar a proba do VIH.

O resultado da proba do VIH é sempre confidencial e nalgúns lugares pode facerse de forma anónima.

## FALEMOS ANTES DE FACER SEXO E PROPOÑAMOS QUE SEXA SEGURO



EN QUE NOS BASEAMOS PARA USAR, OU NON, O CONDÓN?

Ás veces decidimos usalo ou non segundo o aspecto físico, ou en función da confianza ou da “boa conexión” que teñamos con el. Non presupoñas nada.

Quizais penses: “el tampouco ten VIH” e que o outro pense: “el tamén ten VIH” pero podese ter VIH ou outras infeccións de transmisión sexual e non sabelo. De feito...

1 DE CADA 3  
INFECTADOS  
POR VIH  
NON ESTÁ  
DIAGNOSTICADO

ANTES DE FACER  
SEXO CON ALGUÉN  
PACTEMOS UTILIZAR-LO  
PRESERVATIVO.

# FALEMOS ÁS CLARAS COA NOSA PARELLA ESTABLE

Usar preservativo entre nós ata saber o resultado da proba permitenos evitar infectarnos.

RESPECTEMOS OS ACORDOS ESTABLECIDOS PARA COIDARNOS.

# PARELLAS ABERTAS

Podemos poñer en risco a nosa saúde e a da nosa parella se acordamos utilizar condón fóra desta relación e non o cumprimos.

FALEMOS PARA PROTEXERNOS.



# PARELLAS PECHADAS

Tal vez pactamos non ter relacións sexuais fóra da parella. Pero se ocorre e nelas non empregamos o condón, falemos coa nosa parella e tomemos medidas ata que se descarte unha infección.



# SE O VIH NON DISCRIMINA, NON O FAGAMOS NÓS

TODOS COMPARTIMOS A NOSA VIDA CON PERSOAS QUE TEÑEN VIH, DÍGANNOLO OU NON. PODEN SER AMIGOS, COMPAÑEIROS DE TRABALLO OU DE FESTA, A NOSA PARELLA OU OUTROS HOMES COS QUE TEMOS SEXO...



ALGÚNS NON SABEN QUE TEÑEN O VIH, OUTROS SABEMOLO MAIS PERO TEMOS MEDO A SER REXEITADOS SE O DICIMOS. TODOS, VIH POSITIVOS OU NON, TEMOS DEREITO A GOZAR DUNHA SEXUALIDADE PLENA.

USA SEMPRE PRESERVATIVO CON LUBRICANTE PARA A PENETRACIÓN ANAL E EVITA A EXACULACIÓN NA BOCA.

## O VIH AFÉCTANOS

# A TODOS FAI A PROBA POLO MENOS UNHA VEZ Ó ANO

Se tes VIH canto antes o saibas antes poderás tomar medidas para ter a túa saúde baixo control.

INFÓRMATE:

**900ROSA**  
**900 601 601**

**CRUZ VERMELLA**  
**900 111 000**



[www.mspsi.gob.es](http://www.mspsi.gob.es)